

Ano 2023

MEMORIA DE ACTIVIDADES

UNIDADE DE IGUALDADE

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo- 36310
986 813 419
igualdade@uvigo.gal



ÍNDICE DE ACTIVIDADES

Accións do *III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024*

- Conmemorar os días especiais (11F, 8M, 25N) con campañas de sensibilización.
- Visibilizar as desigualdades de xénero na universidade, desagregar os datos estatísticos oficiais da UVigo por sexo e desenvolver unha análise de datos oficiais.
- Impulsar as actividades docentes e de sensibilización con perspectiva de xénero nos centros.
- Crear un distintivo de igualdade para promover a igualdade de xénero en todos os centros, facultades e escolas
- Visibilizar e reforzar a figura de enlace de igualdade.
- Reforzar con recursos humanos e económicos a Unidade de Igualdade.
- Favorecer o deseño de orzamentos con perspectiva de xénero.
- Integrar a perspectiva de xénero na responsabilidade social, prevención e riscos laborais, calidade, cooperación e asesoría legal, entre outros.
- Utilizar a linguaxe inclusiva e non sexista nas comunicacións institucionais
- Elaborar cursos de formación en liña de xénero para formar toda a comunidade universitaria
- Impulsar a elaboración de material docente con perspectiva de xénero.
- Favorecer unha liña de publicación propia sobre estudos e investigación con perspectiva de xénero.
- Promover a investigación no marco dos estudos de xénero.
- Procurar a ampliación dos premios Exeria para teses de doutoramento con perspectiva de xénero.
- Realizar unha campaña específica entre o PDI, PAS e alumnado que informe sobre a importancia da sostibilidade da vida e da economía de cuidados como unha responsabilidade de todos e todas.
- Crear unha rede para detectar e apoiar o acoso sexual, acoso por razón de sexo e violencia de xénero e difundir os protocolos de actuación.
- Efectuar campañas de sensibilización dirixidas ao colectivo de homes, visibilizando os beneficios que mulleres e homes obtemos coa igualdade.
- Desenvolver campañas de sensibilización con referentes sociais masculinos que respondan a modelos igualitarios de masculinidade.

Outras actividades

- Boletín de Igualdade
- Comunicación e información en redes sociais
- Calendario 2024
- Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo
- Repertorio de persoal investigador especialista en xénero
- Informe de seguimento do III Plan de Igualdade
- Doazón de libros á Biblioteca universitaria
- Reorganización da canle de UVigo TV
- Actualización e comunicación do Protocolo de Acoso
- Formación en sensibilización das violencias machistas
- Puntos Lila Virtual

- Inclusión da perspectiva de xénero no Máster de Secundaria
- Titorización de estudantes
- Apoio técnico
- Organización de actos
- XUGeX
- Formación permanente do persoal da Unidade de Igualdade
- Organización de actos
- Participación en actos e actividades
- Achega de materiais
- Seguimento dos dispensadores de produtos menstruais
- Premios
- Protocolo marco de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo
- Protocolo para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas trans e intersexuais
- Convenios de colaboración
- Queixas e suxestións
- Consultas

ACCIÓNS DO III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2020-2024

No ano 2023 desde a Unidade de Igualdade realizáronse actuacións en 18 das 38 medidas contempladas no plan de igualdade.

Días sinalados

Como cada ano, leváronse a cabo accións específicas arredor de tres datas sinaladas en relación á igualdade de xénero: o 11F, o 8M e o 25N. Estes días reflicten a necesidade de avanzar cara unha sociedade máis xusta e igualitaria, onde homes e mulleres gocen dos mesmos dereitos e oportunidades, e onde a violencia de xénero sexa eliminada. Estas campañas son esenciais para manter unha conciencia sobre os problemas que afectan de forma diferencial ás mulleres e para promover o cambio en prol da igualdade de xénero e o fin da violencia machista, tamén no ámbito da universidade.

Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia



O Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, tamén coñecido como 11 de febreiro (11F), foi establecido pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas co obxectivo de promover a igualdade de xénero no ámbito da ciencia e a tecnoloxía, e de alentar a participación activa de mulleres e nenas nestas áreas.

No [marco das actividades](#) que se desenvolven, a Unidade de Igualdade apoiou económica e materialmente as iniciativas eXXperimenta en feminino do Campus de Ourense e Elas Fan CienTec no Campus de Vigo que tiveron lugar o 10 de febreiro.

No programa arredor desta data tamén tivo lugar a entrega dos [Premios GirlGeekCovid](#) impulsados pola Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo o 9 de febreiro. Estes galardóns contan con recoñecemento académico e dotación económica para apoiar a estudantes destacadas do ámbito das disciplinas CETEM dos campus de Pontevedra e Vigo.


Como novidade, no 2023 entregáronse os [primeiros premios do Concurso Marie Tharp para mulleres investigadoras](#) organizado polo Centro de Investigacións Mariñas dentro das accións para promover a igualdade a partir dos fondos conseguidos ao ser recoñecido co Distintivo de Igualdade da Universidade de Vigo.



Entrega da III edición dos premios GirlGeekCovid; obradoiros do eXXperimenta en Feminino; entrega do premio Marie Tharp e material divulgativo da Unidade de Igualdade para o 11F

Día Internacional das Mulleres

O obxectivo do 8M é destacar a loita polos dereitos e a igualdade das mulleres en todo o mundo. No caso da UVigo, é un día de concienciación para visibilizar as desigualdades e discriminacións que aínda existen, tanto a nivel social como laboral, e para reclamar o mesmo trato e as mesmas oportunidades para mulleres e homes da comunidade universitaria.



Cartel da campaña institucional cunha fotografía de Charo López

Nesta ocasión o lema da campaña, «[Voces, razóns e avances feministas. A igualdade que nos une](#)», conmemoraba os logros e avances das mulleres ao longo da historia e servía como un recordatorio de que a loita pola igualdade de xénero é un compromiso continuo.

O cartel contiña tamén unha peza sonora, «[Estas son as nosas voces](#)», á que se accedía a través dun QR e dispoñible na web institucional, no que se presentaba un colaxe de reivindicacións e de discursos do movemento feminista en diferentes lugares do mundo.

No acto institucional, no que se presentaron estas pezas, outorgouse o X [Premio do compromiso coa igualdade de xénero da Universidade de Vigo, Uviguala 2023](#), á xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos, Rosa Graña Costas. O acto completouse coa lectura dun manifesto a cargo de representantes de AUCE-Asociación Universitaria de Ciencias da Educación.



Lara e Rosalía, estudantes da UVigo e representantes de AUCE e Rosa Graña, X premio Uviguála durante o acto institucional do 8M

Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

A recente [Enquisa Europea de Violencia de Xénero \(EEVG\)](#), con datos de 2022, aínda que sinala cifras extremadamente preocupantes de prevalencia das violencias patriarcais, tamén debuxa un contexto positivo en relación co maior coñecemento da violencia, como opera e a capacidade de identificala e de visibilizala nas mulleres máis novas.

Aínda que nas institucións de estudo superior se avanzou moito na igualdade entre mulleres e homes, tal e como nos lembra o proxecto europeo [UNISAFE](#), a día de hoxe hai situacións que lles afectan de forma desigual ás mulleres e aos homes. Un contexto que, coma o resto de ámbitos das nosas vidas, non é alleo ás violencias machistas.

Como universidade, debemos contribuír a facer fronte a esta situación achegando evidencias científicas, formando ás futuras xeracións de profesionais con perspectiva de xénero e elaborando recursos útiles e efectivos para toda a sociedade; e, como comunidade universitaria, participando tanto individual coma colectivamente da cultura de igualdade que illa os comportamentos e as actitudes machistas.

Nesta ocasión, o lema da campaña institucional ao abeiro do que deseñamos a programación de actividades arredor do 25N é **Tecendo mundos feministas: desfacer a violencia e reparar a esperanza**. Desta forma queremos empregar mensaxes positivas que conviden a toda a sociedade a implicarse e actuar de forma coordinada e reforzar os avances e o compromiso social e institucional -cada vez maior- fronte a todas as violencias patriarcais no espazo universitario e na sociedade, en xeral.

O cartel institucional deste ano 2023, do que se imprimiron e distribuíron 150 copias co lema sinalado, reproduce unha obra da artista téxtil Maritza Bertollini.



Cartel da campaña institucional do 25N, Día internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, utilizando una imaxe dun bordado da artista téxtil Maritza Berttolini

Como actividade presencial de sensibilización e de reparación –e acto principal do programa ao que lle dá título e que nos gustaría destacar polo seu interesante lugar un [relatorio da xornalista e activista feminista Lydia María Cacho Ribeiro e, de forma paralela, a artista téxtil Maritza Bertollini creou unha peza téxtil «para expresar a causa e curar feridas»](#), na que puideron participar as persoas asistentes ao acto. A peza final vaise expoñer nos centros da universidade. O acto difundíuse en todas as canles da UVigo (listas de correo, [Diario da Universidade de Vigo](#), comunicación directa con persoas chave, contidos en redes sociais) e tamén se deseñaron e imprimiron 50 carteis para distribuír polos tres campus universitarios. Esta actividade foi feita en colaboración co Concello de Vigo o 23 de novembro, entre as 19.00 h e as 21:00 h, no auditorio do Concello (praza do Rei, núm. 1, 36202 Vigo).



Fotografías de diferentes momentos do acto, con Lydia Cacho e Maritza Berttolini, que foi presentado pola vicerreitora de Comunicación da UVigo, Mónica Valderrama

Arredor do 8M e no 25N tamén se fixo unha campaña con contidos específicos para as redes sociais.



Observatorio igualdade

O Observatorio de Igualdade é unha fonte de información accesible que ten como obxectivo elaborar informes sobre as desigualdades existentes e as causas que as provocan para axudar a comprender a necesidade das políticas de igualdade adoptadas na organización e o seu fundamento.

Desde o ano 2019 realízase un [informe](#) analizando, con perspectiva de xénero, os datos cuantitativos que recolle o Portal de Transparencia sobre a representación de mulleres e de homes nos órganos de goberno, a distribución e outros indicadores de interese respecto ao PDI, o PI, o PTXAS e o alumnado.

Axudas de docencia e sensibilización

A Unidade de Igualdade mantén o seu compromiso de impulsar as actividades docentes e de sensibilización con perspectiva de xénero nos centros da UVigo. Con este obxectivo, convócase anualmente un programa de axudas económicas para desenvolver actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios.

- [Convocatoria axudas docentes con perspectiva de xénero](#) (10 000 euros)
- [Convocatoria actividades de sensibilización](#) (10 000 euros)

[Actividades docentes](#): [Resolución de axudas](#), con 2 denegadas e 1 desistida no período de alegacións.

	Datas	Importe concedido	Participación		
			Mulleres	Homes	Total
Feminismos interseccionais: coidados, diversidade e ruralidade	03/05	490	48	7	55
V conferencia "Control de Xestión dende unha perspectiva de xénero"	06/11	788	52	37	89
Ciclo de conferencias "A fenda de xénero dixital: construíndo a internet e as relacións sociais dende o empoderamento feminino"	09/09 26/09 06/10	1 167	148	64	212
I Obradoiro transdisciplinar de análise "Teorías Feministas do século XXI"	11/04 14/04 26/04	858	12	0	12
Xornada de pornografía, prostitución e ventres de aluguer: ¿Novas ou vellas alianzas do patriarcado co capitalismo- neoliberal?	16/10	1 167	80	25	150
Prácticas fotográficas feministas. Conferencia, revisión de portfolios e exposición, por Ánxela Caramés	16/10	650	54	12	66
El derecho financiero ante el emprendimiento femenino	26/10	990	-	-	-
Les Femmes des avant-gardes		352			
A creatividade publicitaria como ferramenta transformadora e impulsora de igualdade	21/04	876	45	15	60
Xornada de xénero e literatura	25/10 31/10 08/11 15/11	503	53	12	65
Ciclo de cine: (in)VISIBILIDADE das Mulleres STEAM	07/03 14/03 02/05 09/05	992	70	30	100
Traballadoras especialmente vulnerables: discriminación múltiple e interseccional na Lei 15/2022	10/10	1 167	46	12	58
TOTAL		10 000	608	214	822

Sensibilización: 17 solicitudes presentadas, 3 das cales non recibiron financiamento por non chegar aos 50 puntos. Indicamos as [actividades desenvoltas](#) cos datos máis significativos.

	Datas	Importe concedido	Participación		
			Mulleres	Homes	Total
Visita ao museo ANFACO		236	15	5	20
Falemos de Ciencia en Igualdade	26/05	945	24	1	25
Violencia Sexual na adolescencia desde a perspectiva de xénero	19/04	252	31	2	33
E ti, que científicas coñeces?	-	1 259	-	-	-
Conferencia de Alex Frances	05/10	472			26
Xornada de sensibilización Girlhood: representacións das nenas e mozas na cultura do século XXI	05/05	838	21	1	22
Obradoiro: Emprendemento con perspectiva de xénero	26/10	1 259	28	2	30
As (ciber)violencias sexuais: a coeducación como medida de prevención	02/05	472	96	12	108

Seminario: Introducir a perspectiva de xénero na ensinanza da lingua e da tradución	21/06 22/06	838	9	2	11
Xornada de sensibilización con perspectiva de xénero Feminismos interseccionais: raza, xénero e sexualidade na literatura e cultura popular contemporánea	21/09	567	42	5	47
Museos, Feminismos, Canon	30/03	238	Non se realizou		
Enxeñaría X Mulleres	29/06	472	16	6	22
Comunicar en igualdade	21 e 28/09	472	6	1	7*
Xornadas Vulnerabilidade de xénero: Resistencia e resiliencia nas voces de escritoras contemporáneas en lingua inglesa	02 e 03/10	1 259	45	12	57
TOTAL		9 546,82	333	49	382

*Non se puideron contabilizar as persoas non binarias porque o modelo de memoria non o permitía.

Estas actividades, ademais de dotar dunha ampla programación formativa e de actividades con perspectiva de xénero adaptadas ás necesidades específicas de cada centro, tamén ten repercusión nos medios da contorna. ([1](#), [2](#), [3](#)).



Carteis dalgunhas das actividades docentes e de sensibilización do ano 2023

Distintivo de igualdade

No ano 2021 a Universidade de Vigo convertíase na primeira do Estado en contar con selo que recoñecese aquelas escolas, facultades e centros de investigación que destacasen pola súa loita e esforzo a prol das políticas de igualdade. Pasados tres anos, xa son dez os centros que contan cun Distintivo de Igualdade, unha listaxe á que se incorporaron na [terceira edición](#) resolta no ano 2023 a Facultade de

Dereito do campus de Ourense, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación de Vigo e o centro de investigación atlantTTic.



Representantes dos tres centros distinguidos xunto ao reitor e ao equipo da Unidade de Igualdade na entrega da terceira edición

O 20 de setembro, como vén sendo habitual, convocouse por [resolución reitoral](#) a cuarta edición do Distintivo.

Visibilizar e reforzar a figura de enlace de igualdade.

Amplíouse o número de enlaces, que agora xa son 36, tras o nomeamento destas figuras no Cintex, no Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE) e na Facultade de Relacións Internacionais.

O 26 de xaneiro convocouse unha sesión virtual de traballo na que se compartiu coas enlaces unha avaliación participada do traballo feito durante o ano 2022 e a previsión de traballo para o 2023.



Reforzar con recursos humanos e económicos a Unidade de Igualdade.

Aumentáronse os recursos económicos de anos anteriores, co aumento do orzamento propio e sobre todo a través do reforzo dos convenios mantidos, que aumentaron a súa achega económica, e co desenvolvemento dunha nova colaboración:

- Orzamento propio: 51 800 euros.
- Convenio Secretaría Xeral de Igualdade para a distribución de fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero: 50 000 euros.
- Convenio coa Deputación de Pontevedra para o mantemento da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo: 65 000 euros.
- Convenio Plan Corresponsables: 20 000 euros

Desde o mes de marzo tamén se incorporou de forma temporal ao equipo da Unidade un técnico informático a través dunha contratación de un ano do programa Investigo.

Orzamentos con perspectiva de xénero

Coa entrada en vigor da LO 2/2023 do sistema universitario, que no artigo 57 establece que « no procedemento de elaboración do orzamento se incluírán informes de impacto por razón de xénero» púxose en marcha esta medida do III plan, e fíxose un informe de avaliación cualitativa dos orzamentos do ano 2024, cun resultado positivo.

Entre as suxestións de mellora que se propuñan figura a recollida de datos específicos para poder seguir avanzando nesta medida e poder elaborar un informe máis exhaustivo e no que se poida coñecer o impacto real da distribución proposta.

Integrar a perspectiva de xénero na responsabilidade social, prevención e riscos laborais, calidade, cooperación e asesoría legal, entre outros

A directora da Unidade e a técnica de igualdade son integrantes da comisión de prevención de riscos laborais e de calidade respectivamente, polo que están incorporando esta perspectiva no traballo destas comisións.

A directora tamén participou no grupo de traballo redactor das normas de convivencia universitarias.

Utilizar a linguaxe inclusiva e non sexista nas comunicacións institucionais

Revisión da linguaxe inclusiva e non sexista en colaboración con centros, unidades e áreas da Universidade de Vigo.

- Regulamento de funcionamento da planta piloto de industrias agroalimentarias do Campus de Ourense
- Regulamento CACTI
- Publicación divulgativa: [Quero ser investigadora 3](#)

Elaborar cursos de formación en liña de xénero para formar toda a comunidade universitaria: o Itinerario Formativo Virtual en Xénero (IFVX)

- Difusión (carteis)
- Actualización da oferta do Itinerario Formativo Virtual en Xénero
- Reforzo dos contidos: BiblioLab feminista

Durante o ano 2023 realizáronse a oitava e a novena edición do [Itinerario Formativo Virtual en Xénero](#) en modalidade virtual con metodoloxías de aprendizaxe non presencial.

O obxectivo desta medida é integrar a perspectiva de xénero na formación en todos os ámbitos de coñecemento. Esta fórmula resulta especialmente efectiva para avanzar na consecución da igualdade de xénero e, por tanto, na loita contra as violencias machistas.

Esta acción iniciouse no ano 2020 e consta no formato actual de 23 cursos de ámbitos diversos. En todas as edicións tivo unha moi boa acollida e valoración.

A [oitava edición](#) do Itinerario formativo virtual en xénero desenvolveuse dende o 20 de abril ata o 20 de maio do 2023 cunha oferta de 22 cursos dispoñibles en formato virtual, tras incorporar tres novas propostas deseñadas e elaboradas no exercicio anterior:

- A inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria
- Tres pensadoras na historia da teoría feminista
- Machismo dixital. A manosfera

Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria
 María José Rodríguez Jaime
 Duración: 15 h

Tema 1. Principio de igualdade de xénero, perspectiva de xénero e docencia
 Tema 2. Perspectiva de xénero no currículo formal
 Tema 3. Perspectiva de xénero no currículo oculto

Tres pensadoras na historia da teoría feminista
 Antía Pérez Caramés
 Duración: 15 h

Tema 1. Mary Wollstonecraft
 Tema 2. Betty Friedan
 Tema 3. Shulamith Firestone

Machismo dixital. A manosfera
 Elisa García Mingo
 Duración: 15 h

Tema 1. Definición e contextualización da manosfera española
 Tema 2. Subculturas da manosfera española
 Tema 3. O traballo ideolóxico da manosfera española



A [novena edición](#), realizada durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2023/2024, tivo lugar entre o 16 de outubro e o 03 de decembro incorporando un novo curso á oferta anterior: **Novas leis para atallar as violencias machistas: medidas normativas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero** impartido pola experta Marta García Mosquera.

	Inscripcións	Eficiencia terminal (cursos completados)		
		Mulleres	Homes	Outro
8ª edición	1 081	507	149	2
9ª edición	990	476	82	0
TOTAL	2 071	983	231	2

Na web está dispoñible para consulta a [lista completa de cursos](#) actuais.

Durante este ano deseñouse un novo curso, do ámbito das Ciencias da Saúde, para completar e actualizar a formación da comunidade universitaria. O curso, que leva por título **Muller e Saúde**, está deseñado e impartido por Paloma Morán Martínez e Diana Valverde Pérez.

Índice de contidos:

Tema 1: Sexo masculino e feminino. Diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres.

- 1.1 Sistemas de determinación do sexo
- 1.2 Cromosomas sexuais en humanos: xenes desencadeantes do sexo
- 1.4 Desenvolvemento e hormonas sexuais
- 1.4 Os xenes do cromosoma X e as enfermidades
- 1.5 Epixenética

Tema 2: Androcentrismo en medicina

- 2.1 Papel da muller no desenvolvemento da medicina.
- 2.2 Mirada androcéntrica da medicina.
- 2.3 A invisibilidade feminina.
- 2.4 A muller na medicina.

Tema 3: Incidencia e sintomatoloxía de enfermidades en relación co sexo e o xénero

- 3.1 O sexo como modificador xenético da bioloxía e a enfermidade
- 3.2 Envelleemento
- 3.3 Enfermidades infecciosas
- 3. 4 Enfermidades cardíacas

Para completar e actualizar os contidos do IFVX, ampliamos a proposta formativa cun recurso dinámico accesible ao que chamamos [Bibliolab](#). Este recurso recolle presentacións con fins didácticos de libros que abordan temáticas feministas, de

xénero ou que tratan sobre as mulleres, de recente publicación e destacados pola calidade e temática innovadora abordada. As autoras e os autores presentan os contidos dos seus libros, salientando á achega das súas obras ao debate e a reflexión feminista actual e a súa relación coas accións formativas do Itinerario Virtual de Formación en Xénero. Así, a bibliografía e os recursos que aparece en todos os cursos do Itinerario, complementáanse e actualízanse con esta «bibliografía viva» na que calquera persoa con interese pode escoitar directamente as autoras e autores falar da súa obra, en acceso libre e de forma permanente.

- [*A saga das curandeiras*](#), presentado pola súa autora Marisa Castro Cerceda
- [*¿Quién no es bruja? Lo brujesco en las representaciones del audiovisual del siglo XXI*](#), presentado pola súa autora Rebeca López Villar
- [*Desarmamos o capitalismo. O amor como acción política*](#) de Lann Hornscheidt. Presentado pola súa tradutora e prolosita María Reimóndez
- [*A vontade de cambiar: homes, masculinidade e amor*](#) de bell hooks, presentado polo seu prologuista Xosé Cabido
- [*Elas, leváronnos ao espazo*](#) de Nieves Lorenzo González, Encina Calvo Iglesias e Inés Álvarez Fernández. *Presentado por unha das súas autoras, Nieves Lorenzo González.*
- [*As que limpam*](#), presentado polas tres autoras: Ailén Kendelman, Noelia Castro e Areta Bolado
- O [*cento voando: Amores, alianzas e non-monogamias*](#), presentado polas súas coordinadoras Ánxela Lema París e Andrea Nunes Brións

Impulsar a elaboración de material docente con perspectiva de xénero

De forma conxunta coas oficinas de igualdade de xénero da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade da Coruña, levamos a cabo a tradución das tres novas guías elaboradas pola rede Xarxes Vives e dispoñibles en español, a través da renovación do Convenio de cesión de dereitos de tradución, reprodución, distribución e comunicación pública das Guías per a una docència universitària amb perspectiva de gènere entre as universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela e o Institut Joan Lluís Vives.

-[Enxeñaría Electrónica de Telecomunicación](#)

- [Enxeñaría Multimedia](#)

- [Docencia universitaria con perspectiva de xénero](#)

As novas guías están dispoñibles en [formato dixital](#) e, ao incorporar estas tres novas materias, hai 20 manuais de todos os ámbitos de coñecemento.



Portadas das tres guías traducidas este ano e incorporadas á serie en galego das tres universidades

O traballo desenvolto para cada guía consistiu na tradución ao galego, a revisión, o deseño e a maquetación seguindo as pautas anteriores desta colección de cada unha. No caso da Uvigo, nesta ocasión ocupámonos da de Enxeñaría de Electrónica de Telecomunicación de Sònia Estradé Albiol.

Dentro desta actividade tamén se editaron en papel 15 exemplares das guías de Arquitectura e Antropoloxía, pendentes do ano anterior, a mesma cantidade das tres novas do ano 2023 (ambas tiradas foron entregadas nas bibliotecas das tres universidades) e fíxose unha reimpresión para poder entregar exemplares a persoal experto e outros colectivos profesionais e centros docentes e de investigación e divulgación vinculados coas materias.



Copias das impresións e reimpresións das guías

Favorecer unha liña de publicación propia sobre estudos e investigación con perspectiva de xénero



Desde o 2021 a Unidade de Igualdade estivo traballando nunha colaboración coa Editorial Galaxia para crear unha liña de publicación propia sobre estudos e investigación con perspectiva de xénero (acción 3.2.4).

No ano 2022 entregáronse os primeiros cinco manuscritos. Cada obra está organizada arredor dun tema, priorizando a participación de alumnado

recoñecido cos premios Egeria, e coordinado e prologado por unha experta da Universidade de Vigo.

O primeiro libro, *Son unha nena. Sufrirei discriminación e violencia sexual?*, coordinado por Yolanda Rodríguez e María Lameiras, presentouse nunha [rolda de prensa](#) o día 8 de febreiro.

Gender On Digital. Journal of Digital Feminism



No ano 2023 comezou a publicarse esta [revista](#), que terá unha periodicidade anual. O obxectivo da revista é construír un espazo de reflexión científica crítica (e, polo tanto, feminista) en torno as transformación da sociedade en relación coa irrupción das novas tecnoloxías da comunicación e a conseguinte

dixitalización de todas as esferas da vida.

Esta publicación está orientada a un público especializado do ámbito científico-tecnolóxico, das ciencias sociais e das humanidades localizado no pensamento crítico fronte a todas as transformacións derivadas da dixitalización das nosas vidas, en especial das consecuencias na reprodución das desigualdades reais e efectivas entre mulleres e homes. O “Call of papers” destinase ao persoal investigador destes eidos.

Promover a investigación no marco dos estudos de xénero


A través da Cátedra Feminismos 4.0 DePo-UVigo o 28 de xuño publicouse unha convocatoria de axudas ao financiamento de Proxectos de Investigación realizados por grupos de investigación dos Campus de Pontevedra e Vigo.

Nesta quinta edición da axuda a Cátedra de Feminismos 4.0 apoiou a seis investigacións:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	IMPORTE CONCEDIDO
Donas do Espazo: estudo exploratorio do hábitat igualitario da cidade de Pontevedra	5 026,16 €
Usos das tecnoloxías dixitais para a promoción da saúde: adaptación do cuestionario SaludDigitalEdu á poboación adolescente galega (SaludDigitalEdu_Gal)	5 654,52 €
Toxicidade e violencias machistas nas redes sociais. Estudo cualitativo entre o alumnado da Universidade de Vigo	5 465,95 €

A Outra Cara Da Edición Feminina en Galicia: Ilustradoras, Maquetadoras e Tradutoras no Século XXI	3 769,62 €
Guía operativa para incorporar a perspectiva de xénero á investigación no ámbito tecnolóxico-industrial	4 083,75 €
Deseño de APP Móbil. Mellora na atención e coordinación en violencia de xénero MAX APP.	6 000,00 €

Os proxectos, que tiñan de prazo para executarse ata o 25 de outubro de 2023, presentáronse a través de [pósters](#) no Workshop: Sociedade dixital e xénero, Hackeando o patriarcado que se fixo o 9 de novembro no edificio Redeiras.



Pósters divulgativos dos proxectos de investigación

Procurar a ampliación dos premios Exeria para teses de doutoramento con perspectiva de xénero

Mantívose a convocatoria dos [premios Exeria](#) á introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster da Uvigo, ampliando os premios ás teses de doutoramento.

Co apoio do Servizo de Bolsas no ano 2023 presentouse a X edición, na que foron recoñecidos por un xurado multidisciplinar, 11 traballos (7 TFG, 3 TFM e 1 tese de doutoramento).

Unha vez publicada a listaxe final estase actualizando o [repertorio](#) para dar visibilidade a estes traballos e ás súas autoras e autores.



Parte do alumnado premiado na entrega dos premios no acto institucional de San Tomé 2024

Realizar unha campaña específica entre o PDI, PAS e alumnado que informe sobre a importancia da sostibilidade da vida e da economía de coidados como unha responsabilidade de todos e todas

Para desenvolver esta medida leváronse a cabo un estudo e unha guía de conciliación, pendentes de publicar.

- A calidade da conciliación da vida familiar e laboral nas relacións colectivas de traballo en Galicia
- A vida no centro. Guía de conciliación da vida persoal, familiar e laboral do persoal da Universidade de Vigo (en proceso de publicación).

Crear unha rede para detectar e apoiar o acoso sexual, acoso por razón de sexo e violencia de xénero e difundir os protocolos de actuación



Co fin de impulsar esta medida, desde a Unidade de Igualdade impulsou cos servizos de responsabilidade social e voluntariado, dous convenios de voluntariado coa [Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo](#) (xaneiro 2023) e coa cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro [Xeracción](#) xaneiro 2023) da cidade de Ourense.

Representantes das dúas entidades participaron na xornada de voluntariado do 3 de marzo para presentar ambos proxectos.

Efectuar campañas de sensibilización dirixidas ao colectivo de homes, visibilizando os beneficios que mulleres e homes obtemos coa igualdade

Esta acción consistiu no deseño dunha campañas de sensibilización dirixida ao colectivo de homes, visibilizando os beneficios que mulleres e homes obtemos coa igualdade.

A masculinidade é un campo de estudo menos analizado que a feminidade porque ser home aínda é considerado, habitualmente, como un termo neutro e un modelo de referencia. Pero o certo é que o xénero - o conxunto de valores, roles, comportamentos, actitudes e expectativas que cada cultura adxudica a unha persoa en función unicamente de ter nacido cun sexo ou outro - condiciona a vida de todas as persoas e reproduce un modelo de relacións desiguais.

Os homes viven unha forma de dominación patriarcal que lles impón un concepto pechado de masculinidade única e excluínste. Este modelo estendeuse a través das representacións culturais que ofrecían un modelo de como debía comportarse un home de verdade, un personaxe que simplificaba a realidade xeralizando esa imaxe de masculinidade normativa, presentado como rol dominante e protagonista.

Por tanto, o privilexio masculino resulta unha trampa para os propios homes, pois eles vense obrigados, polos mandatos patriarcais, a afirmar en todo momento a súa virilidade, é dicir, a súa capacidade reprodutiva, sexual e social así como unha actitude de combate e de exercicio da violencia.

No sistema xerárquico e desigual en que vivimos, a masculinidade patriarcal é a categoría dominante sobre outras construcións de xénero e esa posición supón vantaxes e privilexios. Aínda que tamén ten efectos negativos - inseguridade, dificultade para soste as emocións propias e alleas, redes de apoio fráxiles, violencia cara eles e cara o seu entorno, problemas de saúde, menor esperanza de vida - non podemos esquecer que a masculinidade patriarcal como estrutura ideolóxica está construída por e para beneficiar aos homes, por máis que este estereotipo cada vez ten máis detractores que elixen non exercer o poder nas súas relacións e renunciar aos privilexios patriarcais.

Para desenvolver esta proposta traballamos na creación de dúas propostas diferentes, unha - máis potente na mensaxe e na imaxe- coa que se deseñaron e se imprimiron 5 modelos de carteis e 3 modelos de adhesivos para poñer nos 232 cuartos de baño utilizados polos homes nos centros dos tres campus universitarios, difundida tamén nos perfiles das redes sociais, e outra coa que se deseñaron almanagues de mesa con contidos máis extensos na entrada de cada un dos meses.

A idea principal era xuntar información, sensibilización e promoción de comportamentos e actitudes igualitaria, ofrecendo sempre recursos, para continuar afondando e formándose de forma crítica, e referentes atractivos e accesibles de masculinidades non hexemónicas (boas prácticas, accións concretas, convites, recursos divulgativos que se poidan trasladar á sociedade xeral).

As dúas accións procuran ser perdurables no tempo, para o que se tivo en conta partir dun contexto amplo, ter unha dimensión física e outra dixital para ampliar o seu impacto e o público ao que chega e utilizar unha linguaxe clara e que interpele a toda a (ampla) comunidade universitaria.

Os contidos que abordan, temas vinculados aos Estudos das Masculinidades, son:

- Vinculación coidados-violencia (explorar a relación entre unha maior implicación dos homes nos coidados e unha menor probabilidade de ter actitudes e comportamentos violentos)
- Reflexionar sobre como se constrúe a masculinidade hexemónica (modelo sociolóxico dos 3P: proveedor, protector e procreador e a reacción das masculinidades agraviadas)
- Despertar o desexo de cambiar/reducir o medo ao cambio
- Situarnos no presente e no cotiá (real)
- Crear un lugar de encontro, diálogo e análise crítica
- Contrarestar os discursos antifeministas
- Cuestionar unha estrutura de poder e dominación fortemente arraigada
- Xerar alternativas aos mandatos de xénero

Home tiña que ser

Campaña en formato físico e virtual, con diferentes modelos e referencias, elaborada pola axencia de publicidade *As Peaky Branders*, un proxecto galego formado por mulleres novas que traballan en creatividade transformadora e con perspectiva feminista, en colaboración e co apoio técnico da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Imprimíronse en total 55 copias de cada modelo de cartel, para distribuír por todos os centros, e 300 adhesivos para cubrir todos os baños e vestiarios da Universidade de Vigo.



Imaxes de catro dos cinco modelos de carteis da campaña Home tiña que ser

Público directo: homes da comunidade universitaria	
Homes do persoal docente e investigador	856
Homes do persoal de administración e servizos	319
Estudantes	9 246
TOTAL	10 421

A campaña emprega códigos visuais e de contido informais, pensada como unha apelación máis directa ao estudantado masculino, o colectivo de homes máis amplo da Universidade de Vigo e aquel con máis incidencia de cambio, tanto nas súas relacións persoais presentes e futuras como no seu desenvolvemento profesional.

Outra liña desta acción é o [Calendario de Igualdade 2024](#), titulado «Mundo de homes», que ofrece información e recursos as masculinidades para seguir fomentando as relacións e comportamentos igualitarios no noso entorno universitario.

Este recurso habitual completouse cunha serie de pímulas sonoras titulada [Feminismo para todo o mundo](#) nas que trece homes de diferentes ámbitos e perfíles -con representación de varios sectores da comunidade universitaria da UVigo- reflexionan sobre a masculinidade a partir das súas propia experiencia persoal e, nalgúns casos, profesional.

Outras actividades

- Boletín de Igualdade
- Comunicación e información en redes sociais
- Calendario 2024
- Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo
- Repertorio de persoal investigador especialista en xénero
- Informe de seguimento do III Plan de Igualdade
- Doazón de libros á Biblioteca universitaria
- Reorganización da canle de UVigo TV
- Actualización e comunicación do Protocolo de Acoso
- Formación en sensibilización das violencias machistas
- Puntos Lila Virtual
- Inclusión da perspectiva de xénero no Máster de Secundaria
- Titorización de estudantes
- Apoio técnico
- Organización de actos
- XUGeX
- Formación permanente do persoal da Unidade de Igualdade
- Participación en actos e actividades
- Achega de materiais
- Seguimento dos dispensadores de produtos menstruais
- Premios
- Protocolo marco de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo
- Protocolo para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas trans e intersexuais
- Convenios de colaboración
- Queixas e suxestións
- Consultas

Na Unidade de Igualdade tamén se levan a cabo outro tipo de accións, algunhas ordinarias e outras consolidadas no tempo que xa non se recollen nas medidas previstas no plan de igualdade. De igual xeito tamén se atenden cuestións que xorden ao longo do ano e demandas e solicitudes específicas da comunidade universitaria. Este bloque de actividades está agrupado en 26 liñas diferentes.

Boletín de Igualdade

Elaboración do boletín informativo mensual da Unidade de Igualdade. Publicáronse doce números, do 73 ao 84, que están dispoñibles no espazo web da Unidade de Igualdade: «[Boletín e recursos](#)».

Este recurso foi difundido a través das listas de correo internas de «Comunidade» e a de «Avisos» e nos perfiles nas redes sociais da Unidade (Twitter, Facebook e Instagram).

Esta acción realízase ao longo de todo o ano polo persoal da Unidade de Igualdade, co apoio da alumna que obtivo a bolsa de formación na Unidade.



Portadas dos últimos tres boletíns do ano 2023

Comunicación en redes sociais

A Unidade de Igualdade ten presenza con perfiles activos en catro redes sociais (Facebook, Instagram, X e, desde maio do 2023, tamén en LinkedIn).

Facebook	X	Instagram	LinkedIn
1 300 seguidores	1 506 seguidores	2 060 seguidores	85 seguidores
		4 038 interaccións	1 235 impresións

Deseñáronse e difundíronse 156 publicacións con contidos propios (imaxes, infografías, animacións e vídeos) que se adaptaron e se compartiron nos 4 perfiles activos. Tamén se elaboraron publicacións efémeras -para información de menor relevancia ou de carácter máis práctico e temporal- e compartíronse publicacións relacionadas coas temáticas nas que traballa a Unidade de Igualdade elaboradas por outros perfiles nacionais e internacionais.



Calendario 2024



Mantense, como acción de sensibilización, formación e divulgación, a realización de calendarios de mesa dos que se distribuíron 1 000 copias físicas entre o persoal e o alumnado da Universidade de Vigo e tamén está dispoñible para descarga en [formato dixital](#).

Nesta ocasión o Calendario de Igualdade 2024, titulado «Mundo de homes», busca reflexionar sobre as masculinidades ofrecendo un recurso con información e recursos para afondar e propostas e iniciativas de interese nacionais e internacionais.

Este ano o calendario completouse cunha serie de pílulas sonoras titulada [Feminismo para todo o mundo](#) nas que trece homes de diferentes ámbitos e perfiles -con representación de varios sectores da comunidade universitaria da UVigo- reflexionan sobre a masculinidade a partir das súas propia experiencia persoal e, nalgúns casos, profesional.

Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo

O 23 de xuño asinouuse, por quinto ano consecutivo, o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo no ano 2023.

No marco desta colaboración, e co apoio económico da Deputación de Pontevedra que se ampliou neste ano a 65 000 euros, leváronse a cabo as seguintes accións organizadas e impulsadas desde a Unidade de Igualdade.

- Convocatoria da quinta edición das axudas de investigación para o financiamento de iniciativas de investigación e innovación con perspectiva de xénero. Como resultado desenvolvéronse 6 proxectos de investigación no ámbito da provincia de Pontevedra.

- Cuarta edición dos Premios GirlGeekPower, destinados a estimular, apoiar e promover os estudos CETEM entre as alumnas da Universidade de Vigo de Titulacións impartidas nos campus situados na provincia de Pontevedra
- Realización do [V Seminario Sociedade Dixital e Xénero: Hackeando o Patriarcado](#) (16 de novembro), no que participan investigadoras expertas, nacionais e internacionais, no ámbito das CETEM e do feminismo.
- IV Reunión do Comité de Sabias, que funciona como o comité científico da quinta edición do seminario e da nova revista científica e tamén desenvolve propostas para accións futuras (14 de decembro).
- [Observatorio virtual de machismo dixital Stop Machitroles](#), a través do que se elaborou o 3º informe, [A violencia machista dixital a través da prensa galega](#), que se presentou en [rolda de prensa](#) no edificio Redeiras (26 de outubro) xunto coa asociación Xornalistas Galegas.



- [I Maratón de Creacións Dixitais Feministas](#) (09 de novembro). Como novidade incorporouse unha nova liña de traballo para facilitar un espazo para elaborar produtos artísticos feministas dixitais. Esta nova medida pretende ser un recurso para darlles resposta ás agresións contra as mulleres e aos machismos no espazo dixital mediante linguaxes artísticas e nela participaron tres artistas vinculadas á Universidade de Vigo: Lupita Hard, Xandra Táboas e Rachel Boo. Os resultados presentáronse ao público na sesión

presencial do workshop Hackeando o Patriarcado.

Esta medida complementouse coa creación dun marca de recoñecemento ao traballo destas artistas, Insumusers, á que se deu difusión en redes sociais.

Entre o traballo de xestión tamén se levaron a cabo tarefas de reestruturación e mantemento da web da Cátedra de Feminismos 4.0, aloxada nos dominios da Universidade de Vigo e da Deputación e reunións e comunicacións de traballo coa



Repertorio de persoal investigador especialista en xénero

Elaborouse un [repertorio de persoal investigador da UVigo experto en xénero](#), clasificado segundo o seu ámbito de coñecemento (Ciencias sociais e xurídicas; Artes e Humanidades e Ciencias, Ciencias da saúde e Enxeñaría e Arquitectura).

Informe de seguimento do III Plan de Igualdade

Anualmente, realízase un [informe de seguimento](#) da execución do plan de igualdade que se publica na web da Unidade de Igualdade para que sexa accesible e público.

O actual informe é o terceiro, en relación ao tempo de execución do plan que remata a súa vixencia no ano 2024.

Doazón de libros á Biblioteca universitaria

Como apoio á formación, realizouse unha selección de publicacións actuais de carácter divulgativo e obras especializadas en estudos de xénero, estudos das mulleres ou feministas e mercáronse 40 obras en diferentes formatos que foron doadas á Biblioteca Universitaria.

Reorganización da canle de UVigo TV

Desde a Unidade de Igualdade faise un esforzo en mellorar a comunicación das actividades realizadas e tamén de facilitar a accesibilidade aos recursos e información xerados desde a institución en material de igualdade de xénero. Para seguir avanzando neste obxectivo, redeseñouse a [Canle de Igualdade](#), co apoio do persoal técnico de UVigo TV, e realizouse unha nova clasificación en tres grandes apartados.

Canle de igualdade



Dentro destes tres bloques, organizáronse todas as series de vídeos e as pezas existentes por anos e segundo a súa natureza e obxectivos.


Formación	705 series	2007-2023
Actos institucionais	84 series	2010-2023
Campañas	93 series	2013-2023

Actualización e comunicación do Protocolo de Acoso

Continuamos avanzando na actualización do Protocolo marco de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo.

Informe de boas prácticas e propostas de cambio para o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo

O informe resultante é un documento interno que fai unha análise de distintos protocolos de actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo do sistema universitario en España, categorizados en función do nivel de responsabilidade das unidades de igualdade no procedemento.



Portadas dos documentos internos e gráfico elaborado para a análise da información presentada

En función desta diferenciación, hai unha análise de fortalezas e debilidades de cada un destes modelos que serve para establecer as conclusións do informe e as suxestións de mellora que poderían ser de interese para actualizar o protocolo da Universidade de Vigo, coas que se elaborou outro documento introducindo as propostas de modificación.

Como medida de prevención e sensibilización, reforzouse a campaña de comunicación para dar a coñecer o Protocolo distribuindo novos cubos informativos, folletos físicos e información en [formato dixital](#) e nas redes sociais.



novos edificios ou en outro tipo de actividades.

- Campus de Ourense: Facultade de Empresariais e Turismo e Instituto de Aeroespaciais
 - Campus de Pontevedra: Casa das Campás e Escola de Enxeñaría Forestal
 - Campus de Vigo: Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, CIMBIO, Cintex, CACTI, Ecimat e Facultade de Económicas.
- Os dous restantes quedaron de reserva para prever posibles deterioros, utilización en

Formación sobre como actuar antes as violencias machistas

Dentro desta medida desenvolvéronse dúas accións formativas teórico-prácticas en formato virtual síncrono de dúas horas de duración cada unha delas: E ti, sabes como actuar fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo? e A universidade, un espazo libre de violencias machistas?




Imaxes para a difusión de cada unha das accións formativas nos perfíles da Unidade de Igualdade en redes sociais

Inscripcións	Mulleres	Homes	Total
E ti, sabes como actuar fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo?	15	4	19
A universidade, un espazo libre de violencias machistas?	17	6	23



Captura da docente, María López, durante a primeira acción formativa

Ao rematar cada unha das accións fíxoselles chegar as persoas participantes un formulario de avaliación para poder facer un seguimento destas actividades. Encheron o formulario 10 persoas en cada edición. As valoracións, en ambas, é moi positiva tanto nas respostas para valorar os contidos, como a docente ou a metodoloxía utilizada.



Imaxes das tres primeiras respostas das avaliacións, na primeira houbo 10 respostas, todas de mulleres, no segundo caso, tamén son 10 participantes quen contestaron, 8 mulleres e 2 homes

A primeira das accións, E ti, sabes como actuar fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo?, adaptouse para poder gravala e que estea dispoñible como un recurso formativo permanente a través do apartado [Contra as violencias machistas](#) da web da Unidade de Igualdade.

Puntos Lila

Formación e apoio material ás delegacións de alumnado e a estudantes que de forma voluntaria se organizan para habilitar estes puntos de información e acompañamento nas festas universitarias.

- DAT- Delegación de Alumnado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (San Teleco)
- Delegación de Facultade de Bioloxía (San Alberte)
- Delegación de alumnado da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (San Alberte)



Punto lila da festa de San Alberte (16/11/2023)

Punto Lila Virtual



Creouse un novo recurso virtual de atención e información das violencias machistas. O [punto lila virtual](#) é un recurso para recoller consultas e queixas de acoso sexual ou de acoso por razón de sexo que poidan suceder en calquera espazo da Universidade de Vigo e portable para que calquera centro ou actividade poida empregalo como un enlace directo.


A información recibida trasládase de forma directa e confidencial á Unidade de Igualdade a través dun formulario virtual e todas as cuestións aténdense de forma preferente nun prazo máximo de 48 horas.

Introdución da perspectiva de xénero no Máster universitario en profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de idiomas

Este ano deseñáronse e desenvolvéronse dous seminarios consecutivos en formato virtual síncrono o 27/10/2023 (16:00 a 20:00 h) para coñecer como incluír a perspectiva de xénero na formación do futuro profesorado de secundaria. Esta acción deseñouse para dar cumprimento á lexislación vixente, que promove este tipo de contidos nos títulos universitarios oficiais que conducen ao exercicio de profesións docentes, e a unha das medidas contempladas no Pacto no eixe 1: incluír competencias relacionadas coa igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos.

Como docentes participaron Xosé Cabido e Marián Moreno, docentes de secundaria cunha longa traxectoria na introdución da perspectiva de xénero nas aulas e especialistas na formación de docentes.


- Construindo o masculino disidente a cargo de Xosé Cabido, profesor de Filosofía en Educación Secundaria e experto en Masculinidades. Este seminario fixo unha aproximación teórica ao concepto de masculinidade hexemónica machista dentro da sociedade. Abordou como achegarse á masculinidade tóxica e enfrontala, ofrecendo modelos igualitarios ao alumnado de educación secundaria.



A secretaria do mestrado, Cristina Batlle, e o docente Xosé Cabido durante o primeiro seminario

- Educar para a igualdade, cuestión legal e ética impartido por Marián Moreno, profesora de Lingua española en Educación Secundaria e asesora de Coeducación do Instituto Asturiano de la Mujer. No segundo seminario, explicouse a necesidade de incorporar a igualdade de xénero, a diversidade

e a non discriminación no sistema educativo, atendendo ao marco legal vixente. Traballou sobre exemplos prácticos reais a introdución da coeducación no currículo de educación secundaria.



Cristina Batlle e Marián Moreno durante a quenda de preguntas do segundo seminario

Ao ser un mestrado que se imparte nos tres campus da Universidade de Vigo, optouse polo formato virtual para favorecer a asistencia do maior número de estudantes. As gravacións están dispoñibles, para o acceso do alumnado cun enlace privado, como un recurso formativo polo que se trata dunha acción con impacto sobre 219 mulleres e 110 homes (329 estudantes).

Titorización de estudantes

Durante o curso académico, houbo tres alumnas colaborando en proxectos formativos na Unidade de Igualdade.

- Coincidindo co final e o comezo de dous cursos académicos, estiveron colaborando na Unidade dúas bolseiras en formación, Marinha Paradelo Veiga rematando a súa bolsa no segundo cuadrimestre do curso 2022/2023 e Branca Trigo Cabaleiro, que se incorporou en decembro do 2023. Ambas colaboracións son como bolseira de formación a través do programa de Bolsa de formación en Unidades e áreas dirixidas ao alumnado da Universidade de Vigo, cunha duración de 15 h semanais que remata o 30 de xuño.
- Ángeles Cendón Martínez. Estudante do ciclo formativo Promoción da Igualdade de Xénero do CIFP A Xunqueira. Realizou unhas prácticas formativas de 384 horas entre o 10/04/2023 e o 16/06/2023.
- Antía Vidal Nogueira. Estudante do Mestrado de Políticas sociais e Intervención Sociocomunitaria da Universidade da Coruña.

Apoio técnico

Entre as funcións da Unidade de Igualdade está a de ofrecer apoio técnico para a introdución da perspectiva de xénero nas diferentes funcións da vida universitaria a centros, unidades e servizos. Dentro destas tarefas, durante o ano 2023 ofreceuse apoio especializado a diferentes iniciativas externas e internas:

- Apoio á formación con perspectiva de xénero. A petición da enlace de igualdade da Facultade de Comercio, desde a reunión de traballo para avaliar o traballo da Unidade de Igualdade, organizouse o curso Cara á integración da perspectiva de xénero na actualización do Grao en Comercio (en liña síncrona) 2 h impartido por Eva Aguayo Lorenzo. A esta formación asistiron 14 docentes do centro o día 27 de febreiro.

- Deseño e dinamización dun obradoiro formativo presencial de 4 h sobre igualdade de trato e de oportunidades no Programa universitario para o emprego e a vida autónoma, un título propio da Universidade de Vigo en colaboración coa Asociación Down Vigo (19 e 26 de abril). Este foi o segundo ano que a Unidade de Igualdade participa neste programa formativo.
- Proposta alegacións proxecto de Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Comisión de avaliación dos 3º premios valedora do pobo aos mellores TFG e TFM en materia de igualdade e dereitos das mulleres
- Revisión e suxestións de mellora sobre o borrador do Plan de igualdade do Campus da Auga
- Revisión e suxestións de mellora sobre o borrador do Plan de igualdade do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE)
- Revisión e suxestións de mellora sobre o borrador do Plan de igualdade do CITMAga.
- CINTECX: a directora da Unidade é integrante da comisión de igualdade do centro e participa en reunións de traballo e xornadas de formación organizadas desde o CINTECX.
- Colaboración coa Vicerreitoría de Investigación para a preparación da acreditación do selo HRS4R
- Grupo de traballo da universidade europea Athena: revisión de documentación para incluír a perspectiva de xénero de forma transversal (Governance Book, Strategic Plan, e solicitude de financiamento) e colaboración directa co equipo de Internacionalización na elaboración de contidos para o paquete de traballo liderado pola UVigo.
- Realización de informes de impacto de xénero para as ofertas de emprego público de PDI e PTXAS do ano 2023.

Organización de actos

Este ano a nosa universidade foi a anfitrioa da entrega dos III premios Valedora do Pobo aos mellores TFG e TFM en materia de igualdade e dereitos das mulleres. O acto tivo lugar o 22 de maio na sala Manolo Ramos do edificio Ernestina Otero, con representación institucional de todo o sistema universitario galego.



Imaxes da entrega de premios e das tres estudantes premiadas

VIII Xornada Universitaria Galega en Xénero (XUGeX)



Esta [xornada académica](#) desenvólvese a través da colaboración das tres universidades públicas galegas, cada dous anos, a través da unidade e das oficinas de igualdade de xénero.

Nesta oitava edición, que titulamos Epistemoloxías feministas en acción, centrámonos en reflexionar sobre a orixe e a evolución da orde política patriarcal e o seu impacto na estrutura cultural, institucional e cognitiva da nosa sociedade e das nosas universidades. Nestas xornadas preténdese reflexionar, dende unha mirada crítica feminista, sobre o actual contexto multicrise (guerra en Europa, crise medioambiental, feminización global da pobreza, crise financeira etc.) e o impacto que está a xerar na violencia de xénero e machista, na ciencia e na academia e tamén nos contidos docentes universitarios.

Os obxectivos cos que se leva a cabo esta actividade son:

- Impulsar a aplicación da transversalidade de xénero como un criterio de calidade académica.
- Intercambiar experiencias entre o persoal docente e investigador que xa integre a perspectiva de xénero na súa práctica docente e/ou investigadora e quen teña interese en incorporala.
- Potenciar experiencias innovadoras que inclúan a perspectiva de xénero como un eixe de traballo.
- Promover a creación de redes de colaboración multidisciplinares para integrar a perspectiva de xénero na actividade universitaria.

A xornada levouse a cabo o 9 de xuño, no edificio Redeiras da Universidade de Vigo de 10:00 a 20:00 h en formato híbrido, presencialmente e tamén foi transmitida por *streaming* a través de UVigoTv. As [gravacións](#) da inauguración -na que participaron representantes institucionais das tres universidades e tamén da Secretaría Xeral de Igualdade- e dos 3 relatorios das expertas están dispoñibles para a súa consulta desde a web da XUGeX e tamén a través da Canle de Igualdade da Unidade de Igualdade da UVigo.



Fotografías da inauguración que presentaron, de esquerda a dereita, Pilar Murias Fdez, vicerreitora de Estudiantes e Cultura da USC; Belén Rubio Armesto, vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación da UVigo; Susana López Abella, naquel momento secretaria xeral de Igualdade e Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte da UDC.

O programa estaba dividido en horario de mañá e tarde.

9:30 - 10:00 h. Rexistro de asistentes	
10:00 - 10:30 h. Inauguración da Xornada	
Presidida por: - Belén Rubio Armento , vicerreitora de Investigación da Universidade de Vigo. - Susana López Abella , secretaria xeral de Igualdade. - Pilar Marias Fernández , vicerreitora de Estudantes e Cultura da Universidade de Santiago de Compostela. - Cristina López Villar , vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte da Universidade da Coruña.	
10:30 - 11:30 h. Conferencia maxistral	
A perspectiva de xénero na docencia universitaria <i>Maria Jose Rodríguez Jaume</i> Presenta: <i>Marta Pérez Pereiro</i> , Delegada do reitor para a Igualdade da Universidade de Santiago de Compostela	
P 11:30 - 12:00 h. Pausa-café	
12:00 - 13:00 h. Conferencia maxistral	
A perspectiva de xénero na investigación e transferencia universitaria <i>Marta Macho Stadler</i> , Universidade do País Vasco Presenta: <i>Águeda Gómez Suárez</i> , Directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo	
13:00 - 14:00 h. Conferencia maxistral	
As violencias machistas nas universidades <i>Magdalena Suárez Ojeda</i> , Universidade Complutense de Madrid Presenta: <i>Ana Neira Pena</i> , Directora da Oficina de Igualdade da Universidade de Coruña	
P 14:00 - 15:00 h. Pausa-comida	
15:00 - 16:00 h. Sesión póster	
16:00 - 17:00 h. Sesión oral 1	
Mesa "Perspectiva de xénero na docencia universitaria" Modera: <i>Marta Pérez Pereiro</i> , Delegada do reitor para a Igualdade da Universidade de Santiago de Compostela	
17:00 - 18:00 h. Sesión oral 2	
Mesa "Violencia contra as mulleres" Presenta: <i>Ana Neira Pena</i> , Directora da Oficina de Igualdade da Universidade de Coruña	
P 18:00 - 18:30 h. Pausa-café	
18:30 - 19:30 h. Sesión oral 3	
Mesa "Mulleres, ciencia e investigación" Presenta: <i>Águeda Gómez Suárez</i> , Directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo	
19:30 - 20:00 h. Conclusións	



Imaxes das tres relatoras principais, expertas nos tres ámbitos da xornada, Mª José Rodríguez Jaume, Marta Macho Stadler e Magdalena Suárez Ojeda.

	Traballos presentados		Investigadoras/es	
	Póster	Oral	Mulleres	Homes
Persp. de xénero na docencia universitaria	9	5	21	4
Violencias contra as mulleres	4	5	22	9
Mulleres, ciencia e investigación	6	5	34	4
Subtotal	19	15	77	17
TOTAL	34		94	



	Mulleres	Homes	Total
Participantes (PDI e PI)	77	17	94
Asistentes	41	6	47
Conexións en <i>streaming</i>	-	-	28

Houbo 47 inscricións para as xornadas e acudiron 47 persoas presencialmente e 28 conectáronse ao *streaming*, onde non era preciso anotarse. Para facer un seguimento e avaliación do encontro habilitouse un formulario en liña, dispoñible desde o día da xornada a través dun QR e cun enlace que se enviou por correo electrónico a quen asistiu presencialmente, que encheron 41 persoas. A maior asistencia proviña das universidades de Vigo e de Santiago de Compostela, un 36,6 % cada unha con 15 persoas asistentes de cada unha destas universidades. A seguinte universidade con maior participación foi a Universidade da Coruña, cunha representación do 19,5%, con 8 persoas asistentes. Tamén acudiu unha persoa da Universitat de Barcelona (2,43%) e unha da Universidade Federal de Paraíba, do Brasil (2,43%). Unha das persoas que realizou a enquisa non indicou a súa vinculación con ningunha universidade.

O 51,2 % (21) das persoas que acudiron ás xornadas era a primeira vez que o facían, mentres que o 48,8 % (20) xa participaran dalgún modo, nalgunha das edicións pasadas.


O 61% (25) das persoas participantes pertencen o PDI das universidades, sendo o colectivo máis amplo na participación. A continuación, o 19,5% (8) eran estudantes, o 9,8% (4) marcaron a categoría «outro». O o 7,3 % (3) pertencían ao persoal investigador e o 2,4 % (1) era persoal de administración e servizos.

Neste caso, o 68,3 % (28) das persoas asistentes, que realizaron a enquisa, presentaron unha comunicación ou un póster. O 19,5 % (8) asistiu como público e, por último, o 12,2 % (5) pertencían á organización das xornadas.

A maioría das persoas que realizaron a enquisa e acudiron as xornadas, un 73,2% (30) coñeceron as mesmas a través de comunicacións da universidade. O 26,8 % (11) coñecéronas a través do boca a boca. O 14,6 % (6) a través das redes sociais. O 9,8 % (6) coñeceron as xornadas por internet. O 2,4 % (1) coñeceu as xornadas por pertencer a parte da organización e a mesma porcentaxe coñeceu as xornadas por participar noutras edicións ou por outros medios non especificados.

Pediuse na enquisa tamén a valoración de diferentes aspectos relacionados coa xornada presencial: contidos tratados, duración do evento, adecuación do espazo, organización, comunicación e interese.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal	Moi mal
Contidos	25	15	1	0	0
Duración	11	19	10	1	0
Espazo	21	14	6	0	0
Organización	27	10	4	0	0
Comunicación	25	15	1	0	0
Interese	30	9	2	0	0



Tamén dispoñían dun apartado para facer comentarios ou suxestións de mellora. O que máis se repetiu é que consideran que debido a alta carga de conferencias e os tempos tan xustos quedou pouco tempo par ao debate. Algunha persoa comenta que a xornada foi moi intensa e outra propón que se podería levar a cabo en 2 días con xornada só de mañá ou tarde ou reducir o número de conferencias para ampliar o tempo de debate. Unha persoa considera que o espazo non era adecuado, xa que facía moita calor, era un espazo reducido e era incómodo. Así mesmo, tamén hai persoas que comentan que a duración, o formato e o espazo foron adecuados. Por outra parte, varias persoas agradecen a comida e o tempo do café.


Se pasamos a suxestións concretas propúñase: abrir máis o evento ao alumnado de grao e posgrao; poder coñecer con antelación o programa da tarde; realizar as publicacións dos textos como capítulos de libro e non como actas de congreso ou realizar relatorios sobre as novas identidades que están xurdindo dentro do antifeminismo.



Copia física do libro de actas

Os traballos de investigación que se presentaron na xornada, tanto en formato oral como en póster, están recollidos no libro de actas, unha publicación con ISBN que se editou en formato dixital, dispoñible na [web da XUGeX](#), e tamén en formato físico en unidades de almacenamento USB que se fixeron chegar ás bibliotecas das tres universidades.

Entregáronse a asistentes e relatoras unha libreta, un lapis e un estoxo feitos con materiais sostibles e empregando unha cita de Lynn Margulis, primeira Doutora Honoris Causa da UVigo, como lema: «A vida é unha unión simbiótica e cooperativa que permite triunfar a quen se asocian». Esta frase reforza o carácter cooperativo da xornada, feito de forma organizada entre as tres universidades e pon en valor unha idea central do feminismo que promove o traballo coordinado e conxunto fronte á competitividade, ademais de dar visibilidade a unha científica que aínda non ten o recoñecemento que o seu traballo merece.



Materiais da xornada coa cita impresa da científica Lynn Margulis

Ademais do traballo de organización e xestión e o das comisións científicas, realizáronse outras tarefas de carácter organizativo:

- Deseño da imaxe da xornada e actualización dos contidos da web.
- Pago das relatoras e axudas de custo.
- Materiais de difusión.
- Servizo de restauración para o café e o xantar da xornada presencial

Formación permanente e actualización do persoal da Unidade de Igualdade sobre violencias de xénero

Ademais da participación virtual en xornadas e seminarios formativos, o persoal da Unidade de Igualdade participou en dous cursos especializados en violencia de xénero para posteriormente aplicalo nos contidos das intervencións da Unidade de Igualdade e no traballo coa comunidade universitaria.

Cursos de verán: [Desarmando a masculinidade: implicación dos homes nos coidados como estratexia de prevención de violencias](#)

Do 5 ao 7 de xullo (El Escorial, Madrid)

5/07

10:00 h. – Inauguración: Desarmando a masculinidade: onde estamos? *Beatriz Ranea Triviño e Bakea Alonso Fernández de Avilés*

16:00 h. – Mesa redonda: Axenda feminista sobre homes masculinidades

Modera: *Beatriz Ranea Triviño* **Participan:** *Hilario Sáez Méndez, Ruth Caravantes e Beatriz Gímeno.*

6/07

10:00 h. – Mesa redonda: Políticas para a prevención das violencias e implicación nos cuidados dos homes

Modera: Bakea Alonso Fernández de Avilés **Participan:** Victoria Rosell, Rebeca Martín Andrés e Tatiana Moura

12:00 h. – Mesa redonda: Máis implicación nos cuidados significa menos violencia?

Modera: Beatriz Ranea Triviño **Participan:** Joan Sanfélix e Cristina Castellanos

16:00 h. Mesa de estudos e iniciativas Masculinidades, cuidados e violencias

Modera: Bakea Alonso Fernández de Avilés **Participan:** Tatiana Moura, Pablo Martínez-Angulo, Valentina Longo, Oriol Ginés Canales.

07/07

10:00 h. – Mesa redonda: Desarmando a masculinidade: cara onde imos?
Miguel Lorente, Carmen Ruiz Repullo

Resumo e conclusións: Bakea Alonso Fernández de Avilés e Beatriz Ranea Triviño

12:30 h. Clausura: Ánxela Rodríguez, Bakea Alonso e Beatriz Ranea.

II Conferencia internacional para acabar coas violencias de xénero na academia
Do 23 ao 24 de novembro (Bilbao)

PROGRAMA
LUNES
23 OCTUBRE 2023

09:00h – 20:00h
Apertura e inscricións.

12:30h – 14:00h
Comida informal de bienvenida.

14:00h – 15:00h
Acto inaugural de la conferencia.

15:00h – 15:45h
Sesión 1. **Cómo las violencias de género afectan a las personas y las universidades.**

- Vilma Piliakaitė-Sotirovič, Lithuanian Centre for Social Sciences, LT.
- Julie Epstein, IESS - Leibniz Institute for the Social Sciences, Center of Excellence Women and Science, DE.
- Bruna Cristina Jaqueto Pereira, Departamento de Ciencia Política y de la Administración, Universidad Complutense de Madrid, ES.
- Eva Sophia Myers, Strategic Gender Equality Consultant, Gender Equality Team, University of Southern Denmark, DK.
- Siobhán O'Brien Green, Equality, Diversity & Inclusion Officer, Trinity College Dublin, IE.
- María Silvestre Cabrera, Social and Human Sciences Faculty, Universidad de Deusto, ES.
- Moderadora: Nathalie Waïmane, Yellow Windows, BE.

17:15h – 19:00h
Sesión 2. **Cómo las universidades y los centros de investigación responden a las violencias de género.**

- Zuzana Andreška, Centre for Gender and Science, Institute of Sociology, Czech Academy of Sciences, CZ.
- Claudia Schreier, UESS - Leibniz Institute for the Social Sciences, Center of Excellence Women and Science, DE.
- María Bastero, Departamento de Ciencia Política y de la Administración, Universidad Complutense de Madrid (UCM), ES.
- Elena Letemias, Dirección para la igualdad, Secretaría General, Universidad del País Vasco (UP/EHU), ES.
- Lisa Volmer, Inequal Gender & Diversity Management, Universität zu Köln, DE.
- Yvonne Callaghan, Director Equality, Diversity and Inclusion, Technological University Dublin, IE.
- Beatriz Ranea, Departamento de Sociología Aplicada, Universidad Complutense de Madrid (UCM), ES.
- Moderadora: Lorena Pajares, independent consultant, UCM UnSAFE team, ES.

20:00h – 21:30h
Cena de cocktail.

MARTES
24 OCTUBRE 2023

10:00h – 10:30h
Desayuno

10:30h – 11:45h
Sesión 3. **Avances y desafíos en la erradicación de la violencia de género y la promoción de la igualdad sustantiva en la educación superior. la experiencia de la legislación chilena.**

- Anely Ramirez, secretaria ejecutiva del Consejo Nacional de Educación, Chile.
- Erika Castillo, vicesecretaria, y Sonia Muñoz, Directora de Evaluación y Acreditación, Comisión Nacional de Acreditación, Chile.
- Mariel Pamela Durán Santa, secretaria de la Universidad Tecnológica Metropolitana del Estado de Chile.
- Moderadora: Irune Martínez, Subsecretaría de Educación Superior, Ministerio de Educación del Gobierno de Chile.

12:15h – 14:00h
Sesión 4. **Recomendaciones para instituciones y organizaciones.**

- Marcela Linkova, Head of the Centre for Gender and Science, Institute of Sociology, Czech Academy of Sciences, CZ.
- Fredrik Bondestam, director of the Swedish Secretariat for Gender Research at the University of Gothenburg, SE.
- Alain Denis, Yellow Windows, BE.
- Ester Cobi, Delegate of the Rector for Equality, University of Cagliari (UNICA), IT.
- Michaela Antonin Maláriková, Faculty of Philosophy, University Palackého Olomouci, CZ.
- Jugga A. Ribhatu Pereira, Board Member of the European Network of Oniuda in Higher Education.
- Moderadora: Anne Laure Humbert, Oxford Brookes University, UK.

14:15h – 15:15h
Comida en el Balcón Aretoa.

16:30h – 17:30h
Clausura de la Conferencia.

18:30h – 20:00h
Actividad cultural por cortesía de la Alcaldía de Bilbao.

20:00h – 21:30h
Cena informal de despedida (previa inscripción).

DESCARGAR PDF



Fotografía das persoas asistentes no acto de clausura e do programa da conferencia

Participación da Unidade de Igualdade en xornadas, seminarios e outras actividades

A Unidade participa de forma habitual en diferentes foros nos que se tratan temas relacionados coa igualdade de trato e de oportunidades, dentro e fóra do ámbito universitario.

- Asistencia actividades IIF: Exxperimenta en feminino (Ourense) e ElasFanCienTec ((EEM, CINBIO, Escola de Enxeñaría de Teleco e Escola de Enxeñaría Industrial) e entrega dos premios Marie Tharp do CIM.
- Asistencia á xornada "Mulleres, supernovas da ciencia"(11/02 en Lugo)
- Asistencia con voz pero sen voto no Consello municipal da muller do Concello de Vigo (07/09 sesión constitutiva) incompatibilidades de axenda no resto de convocatorias. Este ano non foi posible asistir a ningunha das sesións do Consello municipal da muller do Concello de Ourense.
- Asistencia e participación nas asembleas da RUIGEU (27 de marzo e 2 de xullo).
- Reunións como vogal do Comité Executivo da RUIGEU (unha xuntanza o primeiro luns de cada mes durante o primeiro semestre do ano e o 19/09/2023).
- Reunións de traballo virtuais e presencias ao longo de todo o ano coas outras oficinas de igualdade do SUG.
- Xuntanzas de traballo coa Secretaría Xeral de Igualdade.
- Xornada de acollida de estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo (21 de abril).
- Xornadas Muller e traballo. Dereitos laborais, conciliación e corresponsabilidade no traballo (Concello de Mos, 20 de abril).
- Feira científica A Ciencia que vén ten nome de muller (Praza do Berbés, Vigo, 21 de abril) [Vídeo](#).



- ATHENA annual meeting (Roma, Italia, do 1 ao 5 de maio).
- Acto institucional de peche da edición 2022-2023 do programa Inspira STEAM (12 de maio).
- Encontro anual da RUIGEU (1 e 2 de xuño) na Universidad de Valladolid
- Visita de presentación a PDI da Universitati din Oradea, que se achegou a coñecer o traballo da Unidade de Igualdade a través de Francisco Javier Deive (10/07).
- Xornadas de benvida nos tres campus (5, 6 e 7 de setembro).

- Presentación do servizo nos centros: Facultade de Bioloxía (6/09) e Facultade de Ciencias Xurídicas (11/09), ambas por convite dos decanatos.
- Inauguración do ciclo de conferencias A fenda de xénero dixital: construíndo a internet e as relacións sociais dende o empoderamento feminino (20/09/2023).
- Xornada CINTECX (29/09/2023).
- Participación cun posto na GNight (29/09/2023)
- Xuntanza coa Secretaría Xeral de Igualdade (12/09 e 18/10)
- Xuntanza na Comisión de Corresponsabilidade, reparto do traballo doméstico e de coidados. do Consello Galego das Mulleres (18/10 e 13/12)
- Entrega Premios Meninas (21/11)
- Reunións do grupo de traballo da UVigo para a universidade europea Athena convocadas pola Vicerreitoría de Internacionalización.
- De forma habitual aténdese a medios de publicación (radio, prensa e televisión) que piden a participación da directora da Unidade de Igualdade como figura experta.

Achega de materiais

Doazón para o proxecto de Nómadas 4x4 que achegan materiais a crianzas do rural do Sáhara.



Seguimento do funcionamento dos dispensadores

Seguimento do uso e da satisfacción cos [dispensadores para facilitar o acceso a produtos menstruais gratuítos](#) entre o alumnado, con enquisas en liña e presenciais . Este formulario contaba con **14 preguntas** pechadas, abertas e de escala numérica, para facilitar a recollida de respostas.

En total realizáronse **241 enquisas**, 126 en liña e 115 que se fixeron fisicamente nos campus de Ourense e de Vigo e tamén dun cuestionario en liña enviado á comunidade universitaria a través das listas de Comunidade e de Avisos e que se difundiu tamén co apoio das delegacións de estudantes, polo que se obteñen datos dos tres campus e de diferentes centros. O seguimento fíxose entre a última quincena de maio e a primeira quincena do mes de xuño do 2023.

Coa información recollida presentouse un informe resumo, onde se ofrecían suxestións de mellora, ao reitor e ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade.

Premios

Dentro das accións realizadas anualmente pola Unidade está a convocatoria e a resolución de dous premios, ademais dos xa citados premios Exeria.

- X premio de compromiso coa igualdade de xénero da Universidade de Vigo [Uviguala](#)
- 4ª edición dos premios [Girl Geek Power](#)

O primeiro deles, é outorgado pola Comisión de Igualdade e entrégase no acto institucional do 8M. O segundo, realizado ao abeiro da Cátedra Feminismos 4.0, recíbeno as alumnas seleccionadas nun evento propio nunha data próxima ao 11F.

Protocolo marco de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo

Atención, acompañamento, xestión e seguimento de 4 consultas recibidas durante o ano. Pola especial sensibilidade desta cuestión os datos foron tratados e están rexistrados anonimizados e non se inclúen máis comentarios neste informe.

Das 4 queixas, tres foron por acoso sexual (alumna por parte doutro alumno; alumna por parte de persoal externo e alumna nunha situación fóra da universidade) e 1 por acoso por razón de sexo (PDI muller por parte de PDI home). A primeira resolveuse cun procedemento informal, no segundo caso só requiriron información e faise seguimento da situación; a terceira derivouse a acompañamento e orientación externa e fíxose seguimento do caso e o cuarto caso está en proceso.

Ao tratarse de queixas, e por decisión das persoas afectadas, foron xestionadas desde a Unidade e non se trasladaron á Comisión contra o Acoso Sexual (CAS), quen só se ocupa das denuncias formais.

Protocolo para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas trans e intersexuais

Xestionáronse solicitudes de aplicación do protocolo de 3 persoas. Todas as peticións foron xestionadas con celeridade e confidencialidade e resoltas co apoio directo do persoal técnico da Secretaría Xeral.

Tamén se xestionaron outras tres solicitudes de carácter administrativo ou informativo que non implicaron a activación do protocolo.

Convenios de colaboración

Desde a Unidade realízanse as tarefas de deseño, xestión, seguimento e avaliación de tres convenios de colaboración económica para o desenvolvemento de distintos programas de actividades.

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. 50 000 euros
- Convenio de colaboración para o desenvolvemento da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-Uvigo no ano 2023. 65 000 euros
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento das

actuacións necesarias para levar a cabo un estudo sobre corresponsabilidade en Galicia, repartición do traballo doméstico e de coidados en execución do Plan Corresponsables. 20 000 euros

Tamén se impulsou, nesta ocasión desde a Unidade de Igualdade, un novo convenio de colaboración coa Xarxes Vives para a tradución de tres novas guías por parte das universidades públicas galegas.

Queixas e suxestións

No ano 2023 recibíronse 1 queixa e 1 suxestión a través das QSP por rexistro que foron atendidas con celeridade dentro dos prazos establecidos.

Consultas

Na Unidade de Igualdade recíbense habitualmente consultas por correo electrónico, por vía telefónica ou en atención presencial sobre temas diversos relacionados coa igualdade de trato e de oportunidades ou coa introdución da perspectiva de xénero na vida universitaria.

As cuestións habituais no último ano foron:

- Medidas de conciliación corresponsable (PDI, PTXAS e estudantes).
- Introducción da perspectiva de xénero nos diferentes ámbitos de actividade da vida universitaria (investigación, docencia, xestión etc.).
- Igualdade de trato.
- Igualdade de oportunidades.
- Violencias machistas na universidade.
- Centros educativos do sur de Galicia solicitando orientación ou materiais sobre igualdade para difundir nos seus centros.

UNIDADE DE IGUALDADE

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo- 36310
986 813 419
igualdade@uvigo.gal